



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Socioloxía da educación	Código	652G03028	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencia Política da Administración			
Coordinación	Vazquez Fernandez, Xose Gabriel	Correo electrónico	gabriel.vazquez@udc.es	
Profesorado	Vazquez Fernandez, Xose Gabriel	Correo electrónico	gabriel.vazquez@udc.es	
Web	www.udc.gal			
Descrición xeral	<p>Básicamente, trátase de concebir a educación como un sistema en sí mesmo, coas súas correspondentes partes, elementos, funcións, organización, institucionalización, etc.; e que a súa vez forma parte do sistema social en xeral. Con esta materia o que se pretende é que o alumnado acade un grao de coñecemento e tamén concienciación e interiorización do proceso conformador da educación como fenómeno sociolóxico, co seu correspondente espazo, papel e funcións nas nosas sociedades. Tamén se trata dunha formación que persegue dotar de habilidades teórico prácticas ao seu alumnado sobre un ámbito tan importante como a educación, para que a integren tanto a nivel persoal como profesional.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecemento do sistema educativo dentro do sistema social	A1 A2 A5	B5	C6 C7
Coñecemento e comprensión das funcións sociais da educación.	A1 A2 A5 A14	B1	C6
Aplicación dos coñecementos manexados á realidade social nas súas diferentes manifestacións, para acadar a perspectiva da mesma desde o ámbito da educación.	A1 A2 A5 A14	B1 B2 B6	C6
Análise de contidos do sistema educativo	A1 A2 A5 A13 A14	B1 B2 B6	C6
Síntese dos coñecementos teóricos e do estudo empírico da realidade social en relación coa educación	A1 A2 A5 A14	B1 B5	C4



Avaliación do sistema educativo, así como das súas implicacións tanto a nivel social como persoal	A1	B1	C4
	A2	B2	C6
	A5	B5	C7
		B6	

Contidos	
Temas	Subtemas
Bloque 1 Concepto de Educación	1.1. Definición 1.2. Historia 1.3. Obxectivos 1.4. Terminoloxía
Bloque 2 Individuo, Sociedade e Educación	2.1. A constitución da sociedade e dos individuos 2.2. Estructura e organización da sociedade 2.3. Topoloxía do sistema educativo 2.4. A organización escolar: formal e informal 2.5. Funcións sociais da educación 2.6. Os axentes educativos: familia, institucións sociais, profesores e alumnos 2.7. Reformas e cambios educativos
Bloque 3 Socioloxía da Educación	3.1. Ámbitos 3.2. Áreas 3.3. Marco teórico 3.4. Fundamentos epistemolóxicos e metodolóxicos
Bloque 4 Teorías Sociolóxicas sobre a Educación	4.1. Saint-Simon 4.2. Auguste Comte 4.3. Karl Marx 4.4. Emile Durkheim 4.5. Max Weber 4.6. Talcott Parsons 4.7. Outras

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A1 C6	8	5	13
Discusión dirixida	B5 B6 C4 C7	2	6	8
Traballos tutelados	A2 A5 A14	2	4	6
Investigación (Proxecto de investigación)	A13 A1 B1 B2 C6	8	20	28
Aprendizaxe colaborativa	A13 A14 B1 B2 B6 C6	5	20	25
Obradoiro	A1 A5 A13 B1 B2 B6 C6	15	25	40
Lecturas	B5 C4	2	10	12
Análise de fontes documentais	B1	2	6	8
Presentación oral	B6	2	6	8
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	Explicación por parte do profesor dos contidos teórico/prácticos xerais, máis suliñables e necesarios para comprender a socioloxía da educación e para levar a cabo o traballo de investigación.
Discusión dirixida	<p>Trátase de agudizar o razoamento crítico nas materias de educación e o seu significado sociolóxico no proceso de cambio social existente na actualidade.</p> <p>Nesta parte da asignatura tamén se procura fomentar o traballo e espírito de equipo, noutras palabras, desenvolver a chamada intelixencia social; de xeito que o alumnado poda ver por sí mesmo as vantaxes de xuncir esforzos, fronte á empresa individual. Para acadar isto, así como para o conxunto da asignatura, se presenta o contido referido á parte práctica, no que tamén resulta fundamental a discusión dirixida, tanto nas clases como nas titorías.</p> <p>Polo tanto, a asistencia e participación estímense fundamentais no plantexamento da asignatura. Un dos obxectivos principais de calquera plantexamento didáctico debería conseguir a máxima implicación posible por parte do alumnado. E uns bos indicadores da mesma son, sen dúbida, a asistencia e a participación do alumnado no desenvolvemento das clases, no ensino e na aprendizaxe. Por un lado, unha asistencia non coercitiva, senón acadada a traveso de despertar o interese e, polo tanto, o seguimento voluntario da asignatura. Asimesmo, a participación tamén supón un valor a fomentar e acadar no desenvolvemento destas clases, que os alumnos participen, ben facendo preguntas, debatindo, pedindo máis información, nas titorías, etc. En definitiva, estamos a falar da importancia que ten o traballo participativo do alumnado nas clases.</p>
Traballos tutelados	<p>Cara ao traballo de investigación, o curso terá un calendario de entregas das sucesivas fases do mesmo: proxecto, marco teórico, parte empírica e análises.</p> <p>Estas partes teñen adicada a parte práctica da asignatura, desenvolvéndose mediante as correspondentes titorías.</p> <p>Estas partes ou traballos terán un calendario de entregas, que serán en formato arquivo, perante correo electrónico.</p>
Investigación (Proxecto de investigación)	<p>O Traballo Teórico Práctico constitúe o núcleo central da asignatura, tanto no que se refire á actividade a desenvolver polo alumnado como polo que respecta a súa avaliación.</p> <p>O alumnado escollerá libremente o seu obxectivo de estudo dentro do campo da Socioloxía da Educación, procurando ter unha orientación hacia os diagnósticos, problemas e propostas.</p> <p>O traballo pode ser individual ou colectivo, coas conseguíntes ponderacións do mesmo neste último caso.</p> <p>Establécese como forma de entrega final do mesmo mediante arquivo adxunto a través do correo electrónico.</p>
Aprendizaxe colaborativa	<p>O traballo en grupo, con plantexamentos baseados no que se coñece como intelixencia social, é un dos pilares do plantexamento desta materia, co formato obradoiro que se explicita nesta guía docente. De maneira que o alumnado se responsabilice, asuma, dirixa e saque rendimentos gracias ás aportacións propias e dos demais, incluído o profesor, que é a fonte de información principal. Así, o que se busca é cambiar o concepto e a costume dunha aprendizaxe baseada na individualidade, na exclusividade, para ilo cambiando hacia a aprendizaxe inclusiva, máis rica en aportacións, perspectivas, etc. e da que pode sacar máis partido o alumnado.</p>
Obradoiro	<p>O obradoiro constitúe o eixo sobre que se pretende operativizar a materia. Para elo, o plantexamento é facer da aula un lugar de traballo, tratando de reproducir ao máximo o que sería un espazo de traballo normal ou común na nosa área ou terreo.</p> <p>Para elo, o alumnado deberá asumir que ven a traballar, non simplemente a escoitar, que é un membro ou parte activa e non pasiva. Procurarase que o obradoiro supoña tanto o traballo a desenvolver como o núcleo central da avaliación. Para elo, o obxectivo principal do obradoiro é facer o traballo de investigación necesario para aprobar a materia. De aí que a asistencia, participación, interese, relacións e valoracións, así como outros aspectos a ter en conta no desenvolvemento do traballo en grupo, sexan os contidos a desenvolver e ter en conta.</p>
Lecturas	<p>Lectura, por parte do alumnado, de textos fundamentais ou relacionados coa asignatura, entre os indicados polo profesor e, no seu caso, propostos polo propio alumnado; así como aqueles outros necesarios para levar a cabo os traballos titelados e a investigación final.</p>
Análise de fontes documentais	<p>Nese traballo, o marco teórico e recollida de información (secundaria) existente sobre o obxectivo da investigación fixado polo alumnado, co asesoramento do profesor, supón unha parte fundamental.</p> <p>Tanto no coñecemento dos contidos da asignatura como para a realización dos traballos e a investigación, resulta necesaria a familiarización, consulta e coñecemento das diferentes fontes de información secundaria, entre as que nesta asignatura destacan teorías, correntes, escolas, etc.</p>
Presentación oral	<p>Si a disposición de tempo o permite, os traballos serán presentados en clase, tanto para que o resto de compañeiros podan saber deles, como para ir practicando este tipo de facetas do traballo técnico</p>



Metodoloxías	Descrición
<p>Discusión dirixida</p> <p>Sesión maxistral</p> <p>Traballos tutelados</p> <p>Obradoiro</p> <p>Presentación oral</p>	<p>As clases preséntanse eminentemente prácticas, para que o alumnado desenvolva co seu traballo o contido e coñecemento da asignatura, sobre todo a traveso do traballo individual ou en equipo, coa participación nas clases sobre os temas a tratar, así como os propios traballos a realizar (o titelado, as lecturas, os debates, etc.). Todo elo baixo a supervisión o coa colaboración do profesor, que procura ser un membro máis do equipo de traballo.</p> <p>Polo que tanto os contidos de carácter teórico ?explicitados no temario- como as actividades a realizar na parte práctica dificilmente poderán conseguir os seus propósitos sen a estreita colaboración entre o alumnado e o profesor.</p> <p>Así pois, nesta asignatura dedíncase as horas de prácticas precisamente a atención e titorización dos traballos e demais asuntos do alumnado relacionados coa materia.</p> <p>Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase ao inicio do curso un calendario específico de titorías compatible coa súa dedicación. Na primeira e segunda oportunidade os criterios de avaliación rexiranse dacordo a realización dunha proba mixta cun peso do 100% sobre a cualificación: consistirá nunha proba na que se incluírán cuestións teóricas e prácticas e na que o/a alumno/a terá que demostrar ter alcanzado as competencias e os resultados de aprendizaxe da materia.</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Investigación (Proxecto de investigación)	A13 A1 B1 B2 C6	<p>O alumnado, de forma individual ou colectiva, realizará o traballo/proxecto de carácter teórico práctico.</p> <p>Este traballo estará dirixido ou titelado polo profesor.</p> <p>É a proba ou contido principal da avaliación da asignatura e nel deberase reflectir os coñecementos impartidos nas sesións maxistras, das lecturas así como da investigación propia (información primaria ou parte empírica) levada a cabo sobre o tema acordado co profesor e do que se deben facer entregas periódicas das súas diferentes partes (proxecto, marco teórico, parte empírica, análise e conclusións), tal e como se recolle no apartado dos traballos titulados.</p>	40
Discusión dirixida	B5 B6 C4 C7	<p>Trátase de agudizar o razoamento crítico nesta materia e utilizar as categorías de análise plantexadas en cada sesión dedicada ós temas de discusión.</p> <p>Esta parte de asignatura intentará medir ou avaliar a participación, implicación e interese do alumno. O que, xunto coa asistencia correspondente, vería a supoñer aproximadamente un 20% da avaliación final.</p>	10
Traballos tutelados	A2 A5 A14	<p>De cara ao proxecto a investigación final, establécense unha serie de fases ou etapas de traballos titulados, que deberán informarse ao profesor e entregarse dacordo ao calendario establecido a este efecto.</p> <p>Estas fases e/ou partes son: proxecto, marco teórico, parte empírica, análise e conclusións.</p> <p>As entregas periódicas das diferentes fases e partes do traballo de investigación terán carácter obrigatorio e serán tidas en conta á hora de avaliar o seguimento e cumprimento de ditos prazos de entrega.</p>	10
Obradoiro	A1 A5 A13 B1 B2 B6 C6	<p>O obradoiro é para desenvolver un lugar de traballo no que o alumnado desempeñe o máis correctamente posible as súas funcións, entre as que están a asistencia, participación, aportacións válidas, resultado final, etc.</p> <p>Así pois, neste apartado se van a ter en conta todos esos aspectos.</p>	30



Presentación oral	B6	Outro dos aspectos importantes na formación do alumnado é o seu desenvolvemento á hora de facer e presentar informes de carácter técnico, de aí que no plantexamento da asignatura se asuma esta faceta como entrenamento e aprendizaxe de cara á formación completa e persoal do alumnado	10
-------------------	----	--	----

Observacións avaliación

Esta asignatura está plantexada para ser cursada presencial e participativamente, xa que a súa avaliación na convocatoria ordinaria pretende ser o máis integral posible (coñecementos teóricos adquiridos, traballo práctico ou habilidade técnica, interese, actitude, etc.). De aí que a asistencia, a participación, o interese, as valoracións propias e dos compañeiros e a exposición sexan tidas en conta á hora da avaliación.

A avaliación baséase sobre todo na elaboración dun traballo teórico-práctico. Sendo a participación, o interese mostrado e a asistencia os outros pilares da asignatura.

Entenderase por avaliación suficiente para superar a asignatura na súa primeira convocatoria ordinaria obter un 50% entre as metodoloxías descritas.

Esta avaliación é específica para a primeira convocatoria ordinaria da asignatura, é dicir, aquela constituída por unha avaliación continua.

Para esta avaliación continua, será necesaria a asistencia mínima a un 80% das clases. Nos casos debidamente xustificadas de ausencias ou prácticas, esta porcentaxe mínimo será do 60%.

Para o resto de casos e convocatorias haberá unha proba escrita ou examen, no que ademais dos contidos teóricos se inclúe un soposto de carácter práctico.

O traballo participativo so será válido para a primeira convocatoria e a súa correspondente avaliación continua.

Para o resto de convocatorias que non sexan á primeira ordinaria, non se gardan puntuacións nin traballos ou probas anteriores.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Guerrero Serón, Antonio (2011). ENSEÑANZA Y SOCIEDAD. El conocimiento sociológico de la educación. Madrid: Siglo XXI OUTROS MANUAIS: - González Radio, Vicente (1998). EL FUTURO DE SU PRESENTE: Análisis de una Autopercepción. A Coruña: CESUGA. - Fernández Palomares F.: Sociología de la educación (Ed. Pearson) - Gómez Jaldón, C.: Sociología de la educación (Ed. Morata).
Bibliografía complementaria	ALMARCHA, A.: Cien años de la sociología de la educación en España: 1877-1977. En REIS, 2, 115-148. ALONSO HINOJAL, I., Educación y Sociedad. Las Sociologías de la Educación. CIS. 1991.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Historia da educación/652G03011
Educación multicultural/652G03013
Antropoloxía da educación/652G03029

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Teoría da educación/652G03001
Pedagogía social/652G03006
Avaliación e diagnóstico de necesidades socioeducativas/652G03039

Materias que continúan o temario



Deseño e desenvolvemento da acción socioeducativa/652G03002

Animación e xestión sociocultural/652G03017

Dinámicas de comunicación e colaboración na acción socioeducativa/652G03020

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías